










# Gallina

XXX



Alicia Orreales Martínez

# GOLFIÑO nº 12, ano 2009, IES Cabo Ortegal

<b>PORTADA .....</b>	 <b>Alicia Orizales Martínez</b>
<b>REDACCIÓN .....</b>	 <b>Noel Yáñez Rubido</b>
	 <b>Noelia Quiza Cornide</b>
	 <b>Iruñe Irusta Araújo</b>
	 <b>Vanesa Muiño Lozano</b>
	 <b>Manuel Pajón Santiago</b>
	 <b>Juan C. Hernández Breijo</b>
	 <b>Fernando Regidor Piñeiro</b>
	 <b>Carlos Garrote Pardo</b>
	<b>Socorro Rey Rego</b>
	<b>Beatriz Fernández Mourente</b>
<b>FOTOGRAFÍA .....</b>	<b>Socorro Rey Rego</b>
	<b>Beatriz Fernández Mourente</b>
	<b>Noelia Quiza Cornide</b>
	<b>Manuel Pajón Santiago</b>
<b>MAQUETACIÓN .....</b>	<b>Socorro Rey Rego</b>
<b>COORDINACIÓN .....</b>	<b>Socorro Rey Rego</b>
	<b>Beatriz Fernández Mourente</b>
<b>IMPRESIÓN .....</b>	<b>Mundograf</b>

# CONTIDOS

AGRADECEMENTOS .....	4
EDITORIAL .....	5
PRESENTACIÓN DO GOLFIÑO XI .....	6
A NOSA LOITA .....	8
O MAGOSTO .....	9
ENQUISA: Are you a healthy class? Sodes unha clase saudable? .....	10
CARIÑO NO TEMPO: O Porto .....	14
ENTREVISTAMOS A ...: Xosé Miranda Ruíz e Manuel Núñez Singala .....	16
PINTURA CORPORAL .....	22
ACROSPORT 08-09 .....	23
CONTACONTOS A DÚAS VOCES. Entrevista a Tim Bowley e Charo Pita .....	24
PERFORMANCE 08-09 .....	25
BRINQUEDOS .....	26
PROXECTO ANOCA .....	27
III CICLO DE CINE EN VERSIÓN ORIXINAL .....	36
A NOSA MÚSICA: A Rondalla de Cariño .....	37
EXPOSICIÓNS .....	40
EX ALUMNOS E ALUMNAS: Ruth Abella, Ana Yáñez, Hermanos Cornide.....	45
DECORAMOS O INSTITUTO .....	51
OS NOSOS FESTIVAIS: Nadal, Entroido, Letras Galegas .....	53
DEPORTE NA ESCOLA .....	58
VIAXES:, A Coruña, Monforte, Andalucía, Manzaneda, Illas Cíes, Sendeirismo .....	62
FIN DE CURSO 2009 .....	70
PREMIOS .....	73
DIPLOMAS XUÑO .....	74
AXENDA 2008-2009 .....	76
COMIC .....	79
BENVIDOS .....	83

# AGRADECEMENTOS

Ante a petición de axuda que fixemos dende a redacción ás empresas e establecementos locais só algúns responderon e colaboraron con nós axiña. Por esta razón queremos agradecerlles as súas achegas a:

**CONCELLO DE CARIÑO**

**DEPORTES LUIS**

**FOTO LUISMY**

**INFOSYSTEMS**

**LIBRERÍA ABRENTE**

**LIBRERÍA AGARIMO**

e

**CAFETERÍA DO IES CABO ORTEGAL**

Tamén queremos dar as grazas, pola súa colaboración desinteresada, aos profesores e profesoras que contribuíron cos traballos dos seus alumnos para a revista ou con calquera outra achega persoal: Consuelo Benito, Paula Rodríguez, Cristina López, Paco Barge, José Luis López, Teresa Seara, José Ramón Gómez, Verónica Mazorra, María Vila, Luz Insua, Amelia Sánchez, Raquel Paz, Ana Fuentes, Xosé Lois Lago, ...

**MOITAS GRAZAS A TODOS E TODAS!**

# EDITORIAL

Un ano máis estamos aquí con todos vós. Xa é o noso Golfiño número XII, doce anos contando historias sobre o que acontece cada curso no noso instituto.

Este ano preguntámosvos preocupámonos pola vosa saúde. Amosamos o Porto de Cariño en tempos pasados, ¡como cambiou, aínda que sempre será fermoso!

Entrevistamos a varios escritores que achegaron as súas obras ao alumnado do instituto, e falamos con Tim e Charo antes de que fixeran para nós un ameno contacontos a dúas voces en inglés e galego, moi orixinal.

Tamén descubrimos a vida escolar no centro penitenciario de Teixeira a través da historia de dous internos e dous profesores, que viñeron a Cariño e nola contaron en primeira persoa.

Na nosa sección musical este ano contamos coa Rondalla de Cariño, unha institución na que participaron, participan e participarán alumnos e alumnas do noso instituto e que sempre colabora co centro nos nosos festivais anuais.

Ademais, como sempre, amosamos as obras creadas polos artistas que se atopan entre o noso alumnado e que expoñemos ao longo do curso, así como as exposicións promovidas polos distintos Departamentos Didácticos que tiveron lugar en datas sinaladas.

Continuamos, por terceiro ano consecutivo, co noso Ciclo de Cine en Versión Orixinal, pero esta vez contando coa participación de todos os departamentos de linguas do IES Cabo Ortegal.

Ana Yáñez, Ruth Abella e os irmáns Cornide, ex-alumnos/as do Centro, cóntannos as súas experiencias ao longo dos anos, as súas lembranzas e os seus consellos.

Como cada curso veredes as nosas festas: Nadal, Entroido, Letras Galegas e a sempre esperada de Fin de Curso. ¡Como nos divertimos nelas!

Participamos novamente na actividade “Deporte na Escola”, competindo e convivindo con alumnos doutros centros educativos galegos. Tamén participamos no *Big Challenge 2009*, concurso internacional en lingua inglesa, no que Noelia Orosa gañou o 3º premio autonómico. Parabéns!

Nas nosas viaxes visitamos A Coruña, Andalucía, Manzaneda, Monforte e Cíes e podeades ver cantos lugares interesantes coñecemos e que ben o pasamos alí. E, como non, tamén fixemos a nosa ruta de sendeirismo pola nosa fermosa contorna.

Por último, damos a nosa benvida ao alumnado de 6º de Primaria do CEIP Manuel Fraga Iribarne que nos visitou no mes de maio para coñecer o seu futuro centro.

Ata pronto!



# PRESENTACIÓN DO GOLFIÑO XI



Os membros do Equipo de Redacción do Golfiño XI, Noel Yáñez, Mari Luaces e Carlos Garrote o día da presentación da revista xunto aos colaboradores Yago Montero, Diego Santiago, Jéssica Rubido, Yioselín Meza, Natalia Novo, Miguel Lorenzo, Eduardo Rodríguez, Bárbara Pardo e Irune Irusta

Como todos os anos no mes de setembro celebrouse na cafetería do instituto a presentación do número 11 da nosa revista *Golfiño* e dos novos membros do equipo de redacción. Tanto o equipo de redacción da revista como os colaboradores e colaboradoras da mesma recibiron obsequios dos establecementos que amablemente doaron para tal fin: DEPORTES LUIS, LIBRERÍA AGARIMO, LIBRERÍA ABRENTE, INFOSYSTEMS e a CAFETERÍA DO IES CABO ORTEGAL, que convidou a todos a uns aperitivos no seu local:

## • O equipo de redacción do Golfiño X:

- Lara Fontela Alvelo, un libro.
- Carlos Garrote Pardo, material escolar.
- Mari Luaces, un libro e un vale para fotos Luis.
- Ángela Valadés, un libro e un vale para fotos Luis.
- Noel Yáñez Rubido, un libro e un vale para Infosystem.

Yioselín Meza, Noel Yáñez, Mari Luaces e Jéssica Rubido moi concentradas mirando á revista



### Colaboradores e colaboradoras da revista:

- **Iruñe Irusta Araújo**, polo seu relato “*Un Nadal cheo de sorpresas*”, un libro
- **Miguel Lorenzo Gómez**, pola súa colaboración na viaxe a Ferrol, un DVD coa gravación da viaxe.
- **Yago Montero Vizoso**, pola súa colaboración na viaxe a Ferrol, un DVD coa gravación da viaxe.
- **Yioselín Meza**, pola súa colaboración na entrevista a Breogán Riveiro, un libro.
- **Natalia Novo Quiza**, pola súa colaboración na viaxe a Ferrol, un DVD coa gravación da viaxe.
- **Bárbara Pardo González**, polos seus relatos “*El minimundo*”, “*O misterio do Nadal*”, un libro.



- **Eduardo Rodríguez López**, polo “crucigrama” e a súa colaboración na viaxe a Ferrol, un DVD coa gravación da viaxe.
- **Jéssica Rubido Soto**, polo seu relato “*Pandora*” e da viaxe a Madrid, un libro.
- **Diego Santiago García**, pola súa colaboración na viaxe a Ferrol, un DVD coa gravación da viaxe.
- **O alumnado de 3º ESO A**, Miguel Alonso Bellón, David Castro López, Sara Docanto Pérez, Anaís Fernández Blanco, Esteban Galcerán Veiga, Juan Carlos Hernández Breijo, Iruñe Irusta Araújo, Vanesa Muíño Lozano, Manuel Pajón Santiago, Bárbara

**Pardo González, Ángela -----, Marcos Pérez Breijo, Christian Pérez Otero, Lidia Alves Fernández, Manuel Saras Rodríguez e Lucía Yáñez Schwindt**, pola clase máis limpa, un almuerzo na cafetería do instituto.

### ● Profesorado colaborador:

- **Helena González Saavedra**, un pen drive.
- **Raquel Paz Rodríguez**, un bolígrafo serigrafiado co logo do instituto.



Nas fotos desta páxina: Diego Santiago, Yago Montero e Natalia Novo (arriba);

Miguel Lorenzo (centro)

Carlos Garrote, Bárbara Pardo, Iruñe Irusta e Eduardo Rodríguez (abaixo) en distintos momentos da presentación do número 11 da nosa revista *Golfiño*

# A nosa loita




Documento gráfico da concentración reivindicativa que tivo lugar o 31 de outubro de 2008 e na que participou toda a comunidade educativa





# MAGOSTO 08

O 17 de novembro celebramos a xornada festiva na que os galegos, despois do equinoccio, honramos as colleitas. Pero non só intentamos recuperar unha costume socio-gastronómica senón que se aproveitou a tarde para practicar aqueles xogos descoñecidos para a maioría do noso alumnado e case esquecidos para os non tan novos.



Aitor Piñeiro, Iago Montero e Nicolás López (arriba esquerda); Claudia Caldas, Esther Mandiá, Anaís Fernández, Lucía Yáñez e Bárbara Pardo (arriba centro); Ángela Pego (arriba dereita); Carlos Álvarez e Miguel Alonso (centro esquerda arriba); Adrián Taracido, Aitor Piñeiro, Marina Regidor, Patricia Fernández e Anael López (centro dereita arriba); Lucía Yáñez, Tania Ramos, Ángela Valadés, e Diego Santiago (centro abaixo esquerda); Brais Pita, Alberto, Miguel Alonso, Álvaro Ramil, Carlos Álvarez,



Pablo, Javier Fernández, Diego, Daniel, Isabel, Alicia Orizales, Sara Pena e Noelia Orosa (centro dereita abaixo); Nicolás López, Eloy Lago, Aitor, Lucía Yáñez, Brais Rodríguez, David Castro, Manuel Sarás, Noemí, Esther Mandiá, Claudia Caldas, Lidia Alves, Cintia, Christian Pérez, Miguel Alonso Carlos Álvarez, Álvaro Ramil, Javier Fernández e Diego (abaixo)



# ARE YOU A HEALTHY CLASS?

## Sodes unha clase saudable?

O alumnado de 4º ESO C fixo unha enquisa, en inglés, coordinados pola súa profesora de Inglés, Beatriz Fernández, entre o alumnado da ESO do noso centro, para averiguar como se alimentaban e descubrimos que 3º ESO B é a clase máis saudable do instituto. A proposta dos alumnos de 4º C, o Departamento de Inglés premiou á clase e á súa titora cun almuerzo saudable na Cafetería do Centro.

As cuestións formuladas e os resultados (por niveis) son os seguintes:

### **1. For breakfast you usually have (No almuerzo soes tomar):**

- A. *Nothing* (Nada).
- B. *A bun or some biscuits on my way to school* (Un bolo ou unhas galletas de camiño á escola).
- C. *A full breakfast including some fruit or juice, milk and cereals, toast or biscuits* (Un almuerzo complete con froitas, zume, leite e cereais, torradas ou galletas).

### **2. At break you usually eat (No recreo soes tomar) :**

- A. *Nothing* (Nada).
- B. *A snack from the bar -crisps or sweets* (Un aperitivo do bar- patacas fritidas ou “chuches”).
- C. *A sandwich or a bun from the bar* (Un bocadillo da cafetería).
- D. *A piece of fruit or a fruit juice and a snack from home* (Unha peza de froita ou zume de froitas da túa casa).

### **3. For lunch or dinner in your family, at least four out of seven days a week (Para comer ou cear na túa familia, alomenos catro veces por semana):**

- A. *Everyone eats what he or she likes when they like* (Todos comen o que lles gusta) .
- B. *Everyone eats the same thing, but usually in front of the TV* (Todos comen o mesmo, pero diante da televisión).
- C. *You eat together at the table, with the TV off* (Comedes todos xuntos, coa televisión apagada).

### **4. How many servings of fruits and vegetables do you include in meals each day? (Cantas pezas de froita ou verdura inclúes nas túas comidas?)**



- A. *Less than three* (Menos de tres).
- B. *Three or four* (Tres ou catro).
- C. *Five or more* (Cinco ou máis).

- 5. *When you're feeling upset or depressed you* (Cando te sentes desgustado ou deprimido ti):**
- A. *Eat the first thing you find in the fridge* (Comes o primeiro que atopas na neveira).
  - B. *Indulge in a sweet treat, such as ice cream, biscuits or chocolate* (Comes algo doce, como un xeadado, galletas ou chocolate) .
  - C. *Go for a long walk or bike ride, listen to music or talk to a friend* (Vas dar unha volta, escoitas música, ou falas cos teus amigos).
- 6. *How often do you drink fizzy drinks or sugary drinks?* (Con que frecuencia tomas bebidas con gas ou con azucre?)**
- A. *Whenever you want* (Sempre que queres).
  - B. *With lunch or dinner most days and on special occasions, such as birthdays or at the cinema* (No xantar ou na cea a maioría dos días ou en ocasións especiais, como os cumpreanos ou cando vas ao cine).
  - C. *Very rarely* (Moi raramente).
- 7. *You usually spend the three hours right after school*(Ti normalmente pasas as tres horas despois de saír da escola):**
- A. *Home alone, playing video games or watching TV* (Na casa só, xogando ós videoxogos ou vendo a televisión).
  - B. *Busy with an organized activity* (Ocupado nunha actividade organizada).
  - C. *Most days you have an organized activity, or go out on your bike or to the park with your friends* (A maioría dos días estás ocupado nunha actividade organizada, ou montando en bicicleta ou indo ó parque a xogar cos teus amigos).
- 8. *Which of the following most closely resembles a weekend with your family?* (Cal das seguintes se parece máis a unha fin de semana coa túa familia?)**
- A. *Staying in, eating takeaways, watching DVDs and playing video games* (Quedar na casa, tomar comida rápida, ver DVDs e xogar ós videoxogos).
  - B. *Spending time working in the garden and doing household tasks or going shopping* (Pasar o tempo traballando no xardín e limpando a casa ou indo de compras).
  - C. *Planning day trips, such as cycling, hill walking or a day of swimming and games on the beach* (Planear viaxes de un día como ciclismo, camiñar ou nadar e xogar na praia).

En xeral, os resultados son mellores do que esperabamos. Serviunos para reflexionar sobre a importancia duns correctos hábitos saudables para unha boa calidade de vida.

Os resultados obtidos na enquisa podemos visualizalos nas táboas e gráficos que se amosan a continuación.



LEVEL 1º DE ESO						
QUESTIONS	OPTIONS	%		QUESTIONS	OPTIONS	%
1	A	9,37%		5	A	3,12%
	B	37,50%			B	18,75%
	C	53,12%			C	78,12%
2	A	40,62%		6	A	28,12%
	B	25,00%			B	43,75%
	C	40,62%			C	28,12%
3	A	18,75%		7	A	15,62%
	B	46,87%			B	18,75%
	C	34,37%			C	65,62%
4	A	37,50%		8	A	18,75%
	B	53,12%			B	34,37%
	C	9,37%			C	40,62%



LEVEL 2º DE ESO						
QUESTIONS	OPTIONS	%		QUESTIONS	OPTIONS	%
1	A	37,50%		5	A	27,50%
	B	10,00%			B	32,50%
	C	47,50%			C	37,50%
2	A	15,00%		6	A	20,00%
	B	35,00%			B	57,50%
	C	47,50%			C	20,00%
3	A	22,50%		7	A	27,50%
	B	35,00%			B	30,00%
	C	42,50%			C	37,50%
4	A	47,50%		8	A	37,50%
	B	30,00%			B	25,00%
	C	20,00%			C	35,00%

Coordinadora: Beatriz Fernández Mourente, Departamento de Inglés  
 Gráficos: Purificación Trinquete Lorenzo, Departamento de Tecnoloxía  
 Tradución e corrección da enquisa: Teresa Seara Domínguez, Departamento de Galego

LEVEL 3º DE ESO						
QUESTIONS	OPTIONS	%		QUESTIONS	OPTIONS	%
1	A	30,76%		5	A	7,69%
	B	30,76%			B	11,53%
	C	34,60%			C	76,92%
2	A	53,80%		6	A	23,00%
	B	11,53%			B	34,60%
	C	30,76%			C	26,90%
3	A	11,53%		7	A	26,90%
	B	61,50%			B	23,00%
	C	19,23%			C	46,15%
4	A	46,15%		8	A	8,80%
	B	34,60%			B	30,70%
	C	15,38%			C	61,50%




LEVEL 4º DE ESO						
QUESTIONS	OPTIONS	%		QUESTIONS	OPTIONS	%
1	A	31,03%		5	A	20,68%
	B	31,03%			B	34,48%
	C	37,93%			C	41,39%
2	A	31,03%		6	A	55,17%
	B	13,79%			B	24,13%
	C	44,82%			C	20,69%
3	A	13,79%		7	A	41,39%
	B	37,93%			B	13,79%
	C	48,27%			C	44,82%
4	A	62,06%		8	A	34,48%
	B	24,13%			B	41,37%
	C	13,79%			C	24,13%

Enquisa realizada polo alumnado de 4º ESO C:  
 Jonatan Alves Fontela, Jennifer Panceira Janeiro,  
 Tania Ramos Yáñez, Joseba Villar Santalla, Lucia Yáñez Aneiros



CARIÑO NO TEMPO





## O PORTO



# ENTREVISTAMOS A ...

## XOSÉ MIRANDA RUÍZ

*Autor de Ariadna e Pel de Lobo*



Juan Carlos Hernández, Irune Irusta, Xosé Miranda, Noel Yáñez e Vanesa Muiño

**G Por que decidiches ser escritor?** Non sei, porque sempre me gustou isto de escribir e de contar, sobre todo contar cousas. Cando era neno era unha vida moi distinta á de agora. Non había televisión o que había eran radios nas casas. Se un neno do barrio ía ao cine, despois contáballe a película aos outros e, ás veces, a película duraba máis cando cha contaban que cando a ías ver. É dicir, había moitísima narratividade e oralidade. Falabamos moito e contabámonos moito e a min sempre me gustou contar cousas. Cando era neno contáballe aos outros nenos historias. Tamén é porque sempre escoitei historias da miña nai e das miñas avoas, non sei cal é o motivo pero sempre me gustou, sempre tiven a necesidade de contar cousas.

**G Canto tempo levas escribindo?** Que lembre desde os dez anos, en realidade toda a vida pódese dicir.

**G Con que frecuencia escribes?** Iso é irregular, por exemplo este ano practicamente non escribín, outros anos escribo varias horas ao día. Depende, é moi irregular, depende de cómo esteas, se na cabeza tes moitas historias pois tes a necesidade de escribilas, outras veces non tes ganas, non se pode establecer unha regularidade. Se queres escribir unha novela non tes máis remedio que poñerte unhas horas a facelo, pero senón unhas veces máis e outras menos.

**G De onde sacas a inspiración para escribir?** Pois de todo o que vexo e escoito, do que me sucede, de cousas que sei da miña familia que me contaron dende sempre, das cousas que lles pasan a outras persoas e que me contan, dos xornais, doutros libros. Supoño que da memoria vén moito e a memoria humana é unha cousa que non é tan fiel como a xente cre senón que ti lembrás as cousas pero estas van fermentando, van cambiando, vanse deformando e iso. Supoño que de aí é de onde se sacan as ideas.

**G É moi difícil escribir un libro?** Algúns máis que outros, pero ás veces si é difícil. Se non queres facer o mesmo que xa fixeches entón fáiseche máis difícil. Se queres facelo doutra maneira, con outras técnicas, entón faise complicado.



- G Que foi o primeiro que escribiches?** Primeiro escribía versos e o primeiro libro en prosa foi o que se chama *Historia dun paraugas azul*, pero antes escribín bastantes libros de versos.
- G Cal foi o libro que máis che custou escribir?** Creo que *Ariadna* foi o que máis me custou escribir.
- G Tiveches problemas para que che publicaran o teu primeiro libro?** Si. De feito o meu primeiro libro, *Historia dun paraugas azul*, mandeino a varias editoriais, das que non vou dicir o nome, e devolvéronmo. Despois gañei un premio con el e chamáronme esas mesmas editoriais para publicalo pero claro ...
- G Escribes só narrativa ou tamén utilizas outros xéneros literarios?** Escribo narrativa, poesía, artigos, algún ensaio.
- G Traballas en algo ademais de escribir?** Son profesor de bioloxía.
- G Que te levou a escribir *Pel de Lobo* e *Ariadna*?** Pois son dous casos moi diferentes. No caso de *Pel de lobo* quería que os rapaces leran en galego, que a xente lera en galego porque en Galicia xa se le pouco e encima a maioría do que se le é en castelán. Eu pensaba que os libros galegos teñen que ser competitivos e entón hai que intentar facer historias que lles poidan gustar a todo tipo de xente sen abandonar a calidade literaria. Entón eu pensaba que tiña que intentar facer libros que puidesen gustar á xente maior e tamén á xente nova. E para iso pensei que poderíamos utilizar o noso propio material, da nosa historia ou da nosa tradición ou da nosa mitoloxía, e entón ese é o caso de *Pel de lobo*, unha tentativa de facer un libro que poida gustar a todo tipo de públicos utilizando material da nosa mitoloxía popular. O caso de *Ariadna* é mais complexo porque é un libro tecnicamente moito máis complicado, é un libro de ciencia ficción, e o que quero contar aí son moitas das impresións que a bioloxía me foi dando sobre a clonación dos seres humanos e sobre outros temas, e o que quero contar realmente é a búsqueda da identidade propia, como as persoas imos, durante a nosa vida, buscando o noso propio camiño, a nosa propia identidade, e iso realmente é o conflito que se trata en *Ariadna*.
- G Canto tempo tardaches en escribilos?** Ao redor dun ano cada un. Pero claro é que eu non só escribo, fago outras cousas, entón non é un ano poñéndose todo o tempo a facer iso senón o tempo que podes.
- G Que é o que máis destacarías dos libros?** Creo que para escribir un libro de narrativa, por exemplo, hai que ter unha idea boa, unha boa historia que contar e atopar o xeito máis efectivo de contar esa historia. Dun libro hai que destacar primeiro que é o que se conta e cómo se conta porque ás veces hai ideas moi boas que están totalmente estragadas pola maneira que ten o escritor de desenvolvelas e entón aínda que a idea sexa moi interesante non nos interesa. E outras veces hai escritores que dominan moi ben a técnica pero como non nos contan nada pois resulta



Vanesa Muiño, Noelia Quiza, Irune Irusta, Noel Yáñez e Juan Carlos Hernández durante a entrevista a Xosé Miranda

que nos aburrimos. Entón eu creo que hai que destacar primeiro que é o que nos conta e cómo nolo conta, pero ambas cousas son moi importantes.

**G Os libros saíron como ti querías?** Ás veces si e ás veces non tanto. En *Ariadna* o resultado final é o que eu quería. No caso doutros libros ao mellor aproxímase pero tampouco é exactamente. Un escritor nunca pode estar demasiado satisfeito porque senón deixa de escribir porque se xa estás satisfeito co que fixeches pois xa non escribes máis. Entón diremos que se aproxima.

**G Inspiráchede en alguén especial á hora de crear os personaxes?** Hai personaxes que os collín moito de persoas reais, parécense moito a persoas reais. Todos teñen cousas de xente real porque claro eu non son Deus para poder inventalo absolutamente todo e se estou describindo unha persoa teño que fixarme nas persoas.

**G Identificariáste con algún personaxe?** No caso, tanto de *Pel de lobo* como de *Ariadna*, os personaxes centrais son as rapazas e identifícome con elas.

**G A maldición das irmáns é inventada ou escoitárala nalgún sitio?** Esa é unha interpretación que ten que facer o lector.

**G Por que aparece O Incio?** Por varias razóns. Primeiro porque nesa novela *Pel de lobo* eu quería buscar unha ambientación que fose o máis verosímil posible. Se eu quero poñer unha historia de lobishomes ten que ser nun lugar remoto, afastado, non no medio da cidade. Poderíase facer unha historia de lobishomes no medio dunha cidade pero tería que ser moi diferente. Se eu quero facer unha historia rural de lobishomes ten que ser nun lugar montañoso, remoto, afastado. Ademais investiguei como fora a meteoroloxía durante este tempo e busquei un ano no que houbera moitísimas nevadas -efectivamente o ano que puxen na narración nevaba moitísimo-, no que os lobos entrasen nas vilas e, efectivamente, ese ano os lobos chegaron a entrar nas vilas e a comer o gando nas cortes, a atacar aos cabalos e incluso ás dilixencias porque foi un ano de moitísimo frío, moita fame, neve e entón aos lobos non lles quedou máis remedio que facelo. Esta era a ambientación que eu quería e entón busquei un lugar remoto, afastado, na época non actual, montañoso no que non houbera luz eléctrica aínda. Despois, no Incio hai un lugar que se chama Monteagudo onde hai un foxo de lobos que é o máis grande de Galicia. Pero a razón principal é que neste libro hai unha homenaxe a Ánxel Fole entón fago un pouco o que facía el de que no medio da comida se poñen a falar, pónense a contar contos, entón Ánxel Fole sitúa o seu libro que se chama *Terra Brava* precisamente nesas terras do Incio. Eu tiña unha edición cando era neno, porque eu son dunha familia galeguista e na miña casa había libros en galego, dos libros de Galaxia. Hai unha edición do ano 1955 que é a primeira edición (paréceme) de *Terra Brava* que traía un lobo, precisamente, debuxado na portada e entón como Anxel Fole poñía a *Terra Brava* no Incio e me coincidía que todo aquilo me viña moi ben pois púxeno alí. É unha homenaxe a Anxel Fole.

**G Que lle dirías á xuventude para que lera máis?** Que é moito máis divertido ler libros que facer outras cousas que eles pensan que son máis divertidas e en realidade non, son moito máis monótonas e moito máis aburridas. Realmente se un descobre o que hai nos libros non hai nada tan divertido, nada, absolutamente nada. E ademais é a única maneira de vivir outras vidas, eu non podo vivir as vidas doutras persoas máis que lendo, é a única maneira que teño de vivir as vidas dos demais e, como a miña non me chega, necesito entrar nas dos outros.

**G Para cando o próximo libro?** Creo que vai saír pronto, unha guía de Galicia será o próximo libro que saía nuns meses.

Juan Carlos Hernández	Noelia Quiza
Irene Irusta	Noel Yáñez
Vanesa Muiño	

# MANUEL NÚÑEZ SINGALA

Autor de *Comedia Bífida*



Noel Yáñez, Juan Carlos Hernández, Manuel Pajón, Manuel Núñez, Irune Irusta, Noelia Quiza e Vanesa Lozano

**G Cando empezaches a escribir?** Pois case, case non me acordo. Creo que empecei a escribir algo máis en serio en 2º de BUP, o que sería agora 4º de ESO. No instituto onde eu estudaba facían concursos literarios, certames literarios, non sei se aquí tedes. Entón as primeiras cousas que escribín e que me atrevín a ensinar...

**G Por que decidiches a ser escritor?** Eu escribo, pero vivo doutra cousa, traballo na Universidade. O de escribir é algo que fago porque o paso ben, porque me parece divertido, porque me gusta moito ler. Normalmente á xente que lle gusta moito ler –e a min sempre me gustou moito ler– pois a moita xente tamén lle gusta escribir ou polo menos inténtao. Pásoo ben.

**G Tes algún lugar especial para escribir, pensar, inspirarte...?** Non, especial non, nunha mesa. Agora cos ordenadores portátiles podes escribir case onde queiras. De todas formas, o feito de escribir, mecánico, leva pouco tempo. A min polo menos o que máis me ocupa tempo é pensar no que vou escribir e aproveito os ratos mortos que podo ter, cando me toca conducir, cando vou camiñando...

**G Custouche moito publicar a túa primeira obra?** Non me custou nada porque gañei un premio entón fun recoller o premio e dixéronme: “esta editorial está interesada en publicar estes premios”. Pero normalmente si, depende do que fagas. Os premios por exemplo, son unha maneira de acceder ao mercado do libro. Se non tes nada publicado é difícil porque normalmente quen publica as cousas son empresas que viven de vender libros e apostar por alguén que empeza de novo, que non sabes como lle vai a ir... Un libro supón un investimento de moitos cartos e a empresa quere rendibilizalo, é normal porque unha empresa ten que ter beneficios senón ten que despedir aos seus traballadores e pechar.

**G Escribes só en galego?** Normalmente si. Vivo en galego, quero dicir normalmente non falo castelán salvo que o necesite entón en galego resúltame máis cómodo. Penso que me serve mellor o galego para dicir o que teño que dicir que o castelán.

**G Canto tempo tardas en escribir un libro?** Moito, moito, moito. Con *Comedia bífida* debín de botar cinco anos, traballando moi pouco cada vez, pero había veces que te atascabas. Tiña máis ou menos claro que é o que quería facer pero tamén vía que para unha obra de teatro podía ser moi aburrido que entraran e saíran os acusados e entón debín tela parada dous anos ou así ata que se me ocorreu o desa especie de mini obras de teatro que me permitiron seguir. Pero antes non lle vía eu futuro. Hai moitas cousas que empezas e chega un momento que te atascas e que non segues. A novela *Mar de fondo* escribina en seis meses, pero foi máis seguida. Hai cousas que acabas moi rápido e outras coas que podes botar anos. Eu non me dedico a isto entón cando teño tempo, cando me cae ben, cando me apetece...

**G Por que o título de *Comedia bífida*?** Porque é unha comedia e bífida, sabedes que as linguas bífidas son as das serpes, pois aquí tamén ás veces temos lingua de serpe, temos dúas. Podería chamarlle Comedia bilingüe, pero como vai cun pouco de mala idea, pois por iso se chama bífida.

**G Que te levou a facer esta obra?** Pois o meu interese pola lingua, o meu amor polo galego, eu traballo en política lingüística, e sobre todo porque quería evidenciar determinados comportamentos coa lingua galega que creo que con esta obra de teatro poden quedar máis ou menos ao descuberto. Hai unha cita ao principio de Dario Fo, que é un escritor italiano de teatro que foi premio Nóbél hai uns poucos anos, que di algo así como que o humor pode facernos coñecer a verdade. Pretendía expoñer unha verdade pero por medio do sentido do humor.

**G Que pretendes transmitir con *Comedia bífida*?** O que pretendo transmitir é que os galegos, ás veces, temos cara á lingua galega un comportamento moi especial. É unha relación coa lingua moi mala cando deberíamos tela mellor. Dámoslle moi pouco aprecio a algo tan noso como é a lingua e aí penso que nos equivocamos.

**G Por que, se o demo é home, o creaches coma muller?** Porque as mulleres son moi retortas (risos). Hai varias razóns, penso que un personaxe así, ambiguo, podería dar moito máis xogo, e ademais en todas as obras de teatro ou nas películas hai o ou a protagonista. Nesta obra de teatro o papel de Lucía é fundamental e á hora de representar no instituto ou nunha obra de teatro normalmente as mulleres son máis valentes que os homes. Eu teño ido ver obras de teatro nas que traballan moitas mulleres e moi poucos homes, moitas veces son mulleres que fan papeis masculinos porque os homes non se atreven. Entón o feito de que fose unha muller e non un home permitía escoller probablemente o mellor actor para isto.




Manuel Pajón, Vanesa Muiño, Irune Irusta, Noelia Quiza, Juan Carlos Hernández e Noel Yáñez  
nun momento da entrevista a Manuel Núñez Singala

- G A idea de poñer coma acusadas a unhas siamesas está sacada da realidade?** Non, cando escollín aos acusados tiña que escoller algo que representase a toda a sociedade. Por iso hai dous homes, dúas mulleres, dous adultos bastante maiores e dous máis novos e no caso das siamesas permitían facer determinados xogos, os localismos A Coruña-Vigo, e todas estas cuestións. Sen que fosen máis que catro, aínda que realmente son cinco, permitíame facer ese xogo. Non quería poñer máis acusados porque penso que máis de catro resultaría aburrido, outro acusado máis está moi pesado. Entón desa maneira conseguía manter máis ou menos catro acusados pero cun personaxe...
- G Por que ao final se di que era un erro todo?** Pois para dar a oportunidade de rectificar. Ao final a xente que vai ao teatro ve o que lle pode pasar no “xuízo final” pero resulta que non morreron e poden aínda volver e actuar en consecuencia.
- G Cal é o teu escritor favorito?** É moi difícil de dicir. Moitos. Depende en narrativa, en teatro, das linguas, non sei. Ernesto Sábato por exemplo gústame moito, un escritor arxentino, por dicir un.
- G Cal é o teu libro favorito?** Pois algo parecido. É moi difícil tamén. Hai moitísimos libros que me gustan. De vez en cando les algún libro que che gusta moito máis. Non o sei, non cho podería dicir. Se tivese que dicir dez aínda me custaría.
- G Tes algún outro traballo aparte de ser escritor?** Si, traballo na Universidade no Servizo de Normalización Lingüística. Con iso é co que me gaño a vida. Escribindo tamén gañas algo pero, claro, se tivese que vivir do que gaño escribindo pois morrería de fame como case todos. Hai poucos escritores que poidan vivir de escribir.
- G Como ves o nivel de lectura na actualidade?** Pois ao voso nivel, dos rapaces, moi ben porque penso que a maioría sodes moi bos lectores e o que é unha pena é que moitas veces cando vos convertides en adultos esquecedes iso. Sempre me sorprende, cando se publican enquisas, a cantidade de xente que hai que non le nin un libro ao ano, entre o corenta e o cincuenta por cento das persoas non len nin un só libro ao ano. A min, que me gusta ler e que o paso tan ben lendo, paréceme increíble que se poida non ler nada durante un ano. Eu sempre estou lendo algo ou varios, algo que cando era máis pequeno non facía, normalmente lía un libro e cando acababa ese empezaba outro, pero agora, ás veces, leo catro ou cinco á vez segundo me apeteza. Anímovos a que probedes a facelo. Ás veces apeteceche seguir cunha lectura ou seguir con outra. Pódense ler perfectamente tres ou catro libros á vez.
- G Que lle dirías aos mozos e mozas de hoxe para que lesen?** Pois que ler é unha maneira de asomarse ao mundo, é unha maneira de compartir experiencias cos outros, é unha maneira de aprender, de ser máis intelixentes, de viaxar... como din os vellos “para saber, ou ver, ou ler”. É unha maneira de saber, de coñecer outra xente, de compartir experiencias. Hai libros practicamente de todo. A min é algo que me parece moi, moi interesante.
- G E para que se animaran a escribir as súas propias obras?** Pois iso moitas veces é a outra cara da mesma moeda. Normalmente cando che gusta moito ler tamén che gusta escribir. Hai xente que escribe e que ao mellor non se atreve a mostrar o que escribe. Hai outros que somos máis vaidosos ou máis cridos e si. Pero hai moita xente que escribe porque le. Normalmente é moi raro que che guste moito ler e non che guste escribir ou que non probes a escribir. O que pasa é que hai xente que non se atreve ou que simplemente escribe para si mesma e non ten esa necesidade que temos outros de publicar.

# PINTURA CORPORAL

Outro ano máis o alumnado de Educación Plástica e Visual fixo alarde das súas dotes artísticas na modalidade de pintura corporal. Esta vez son os alumnos e alumnas de 4º da ESO os que deixaron constancia do seu bo facer: Carlos Garrote, Marina

Regidor e Diego Santiago posando coas súas obras. Tamén podemos ver en detalle outras obras moi orixinais.



# ACROSPORT 08-09



**Ella King, María, Diego, Adrián, Noelia Quiza, Lucía, Melisa Vale, Pablo, Daniel, Martin, José e Javier Fernández**

A profesora de Educación Física, Paula Rodríguez, conseguiu que o seu alumnado de 1º de ESO fixera unhas figuras acrobáticas durante as súas clases.



**Luisa Iglesias, Alicia Orizales, Gloria Castro, Shair Abella, Brais Pita, Sara Crespo, Fernando Regidor, Álvaro Ramil e Alejandro**



**Álvaro Ramil, Julen, Sara Crespo, Rubén Janeiro, Fernando Regidor, Sergio e Brais Pita**

**Uxía Fontela, Ella King, Sara Crespo, Luisa Iglesias, Shair Abella, Nuria Conde, Gloria Castro, José Manuel, Fernando Regidor, Brais Pita, Sergio, Rubén Janeiro e Julen**



# CONTAGONTOS A DÚAS VOCES

## TIM BOWLEY E CHARO PITA

**G De onde sodes?**

**T.B.:** Eu son inglés.

**C.P.:** Eu son da Coruña.

**G Como vos coñecestes?**

**C.P.:** Nunha das primeiras actuacións de Tim, vímonos nun bar en Santiago e fai tres ou catro anos atopámonos en Portugal.

**G Desde cando vos dedicades a este traballo?**

**T.B.:** Mais de 20 anos.

**C.P.:** Dende fai 14 anos.

**G Canto tempo levades traballando xuntos?**

**C.P.:** Levamos traballando xuntos tres anos.

**G Por que escollestes este traballo?**

**T.B.:** Porque me gusta. É fantástico.

**C.P.:** Por casualidade e a partir da casualidade o descubrimento de que me gustaba e que era o que quería facer.

**G En que zonas adoitades traballar?**

**C.P.:** Pois mira onde nos chaman. Podemos traballar fora de Galicia, despois traballamos en centros de ensino coma este, Tamén traballamos en bibliotecas, en casas da cultura, en festivais, en onde nos chamen.

**G De onde sacades as ideas para os contos?**

**C.P.:** Dos libros e contos tradicionais.

**G Canto tempo levas en Galicia?**

**T.B.:** Levo sete anos e medio.

**G Atopas moitas diferenzas entre Galicia e o teu país de orixe?**

**T.B.:** Si e non. É moi parecido porque é verde como o meu país, ten costa,... A forma de vida e o ambiente son un pouco diferentes. Galicia é máis tranquila.

**G Que é o que máis che gusta de Galicia?**

**T.B.:** Case todo. Gústame a xente, a comida, as costas, as praias, ...

**G E o que menos?**

**T.B.:** A distancia da miña familia. Teño familia que vive en Inglaterra ou na India e sería mellor si estiveramos máis cerca.



Juan Carlos Hernández, Manuel Pajón, Tim Bowley, Fernando Regidor, Noel Yáñez, Uxía Fontela, Noelia Quiza, Charo Pita e Irune Irusta

Uxía Fontela	Noelia Quiza
Juan Carlos Hernández	Fernando Regidor
Irune Irusta	Noel Yáñez
Manuel Pajón	



# PERFORMANCE 08-09



De todas as actividades que propón a profesora de Educación Plástica e Visual, Consuelo Benito, a máis polémica sempre é a da *Performance* na que o seu alumnado da conta da súa grande imaxinación para expresarse improvisando, provocando e, como non, asombrando a toda a comunidade educativa.

Nestas fotos vemos a Marina Regidor, de 4º ESO, en pleno proceso de preparación da súa colorida mostra escénica coa que, de seguro, deus que pensar a máis de un de nós.

Con que nos sorprenderá o noso alumnado o próximo ano? Teremos que esperar un anaquiño ...



# Brinquedos



Álvaro Ramil e Javier Fernández (esquerda), Gabriela González (centro), Fernando Regidor e Brais Pita (dereita)

No mes de xaneiro o alumnado de 1º de ESO, acompañados das súas titoras Raquel Paz e Amelia Sánchez, realizaron unha visita ó Centro de Interpretación de Xogos Tradicionais *Brinquedos* onde pasaron unha divertida xornada.



Alicia Orizales e Melisa Vale (arriba esquerda), Ella King e Uxía Fontela (arriba dereita); Raquel Paz, Gloria Castro e Sara Crespo (abaixo)



# PROXECTO ANOCA

O día 3 de abril tivo lugar no noso centro unha actividade extraescolar na que nos presentaron o *Proxecto Anoca* (Aprender no cárcere). Foi unha experiencia moi interesante xa que nos amosou unha forma de ensinar e aprender totalmente descoñecida para nós e moi distinta á que habitualmente estamos acostumados. Os profesores Marián e Juan Luis e os alumnos José Ramón e Miguel contáronnos ás súas experiencias.

## PROFESORADO

### Marián e Juan Luis

**G** Como acabastes dando clase no cárcere?

**M.-** De rebote. Tiña unha praza provisional en Pontareas pero coas novas listas dese centro achegáronme un pouco máis á miña casa e déronme destino en Curtis, en Teixeira.

**J.L.-** O ano pasado tiña que concursar, xa tiña a oposición gañada, e solicitei o concurso de adultos porque me quedaba cerca Teixeira e concedéronmo porque ninguén que tivera máis puntos ca min o solicitou.



**G** Tivestes algunha dúbida para aceptar ou pensastes que era como calquera outro destino?

**M.-** Non, dúbidas, non. O que si estaba un pouco expectante porque era unha cousa totalmente nova.

**J.L.-** Si, algo de respecto sempre che dá porque non sabes realmente o que hai alí dentro. Pero como a min me interesaba pola proximidade non tiven dúbidas nese sentido e agora, unha vez que xa estou alí, non o cambio.

**G** Como reaccionou a vosa familia? Deuvos o seu apoio?

**M.-** A miña familia non moi ben porque, como dicía o meu compañeiro, é un pouco diferente e crea moitas reservas, moito respecto. Meu pai e meu home fixeron por darme ánimos e dicir que era un destino coma outro calquera. Miña nai levouno fatal, fatal. Pero aquí estou.

**J.L.-** Na miña casa a miña muller apoioume en todo momento e aos meus pais moita gracia, en principio, non lles facía pero dixéronme que se era o que me interesaba que adiante. Descoñéceno, non saben como é e é normal que algo de medo ou respecto teñan.

**G** Cal foi a vosa primeira impresión ao entrar a traballar no cárcere?

**M.-** Pareceume outra dimensión porque ves aquilo xa desde fóra, aqueles muros, aquel aramado e é moi impactante. Non hai nada ao redor, é como se o puxeran alí fora do mundo real e

impresiona moito. E logo xa cando te metes, o primeiro día, nun montón de portas, rolos de seguridade, de funcionarios de prisións, carnés, identidade... impresiona moitísimo. Logo vaste afacendo pero impresiona moitísimo.

**J.L.-** Ao entrar hai xente que di que o de que as últimas portas se vaian pechando impón, pero eu esa sensación de abafado non a tiven. Será porque as primeiras veces entrei sempre acompañado polo director da escola, vas falando, e non te dá conta realmente de onde estás entrando. Logo, unha vez que chegas, ves á xente que se move por alí e ata que comezas non sabes como vai ser e algo de respecto e impresión sempre tes.

**G Só sodes profesores ou tamén tedes outro cargo?**

**M.-** Son profesora do ámbito de comunicación e Coordinadora do Departamento de Normalización Lingüística e Coordinadora deste proxecto, o ANOCA.

**J.L.-** Son profesor do ámbito científico-tecnolóxico e, ademais, son o Xefe de Estudos.

**G Cantos profesores sodes?**

**M.-** 6 de primaria e 6 de secundaria.

**G Canto alumnado tedes?**

**J.L.-** Na escola en total hai arredor duns 250 alumnos entre o que se dá no módulo sociocultural polideportivo, que é onde está situada a escola, e as clases do módulo terapéutico. O que si vos podo dicir é que solicitaron vir á escola, no que vai de curso, uns 720 internos aproximadamente. En Teixeira móvese nunha poboación aproximada de 1800 internos polo que estamos a falar dun 40% de xente que solicita vir á escola. O problema é que non os podemos atender a todos, temos listas de espera grandísimas. Nas clases de castelán e galego para inmigrantes, nós chamámoslos grupos de estranxeiros, hai un montón, nos niveis un e dous das ensinanzas básicas iniciais tamén temos moita lista de espera.

**G Que niveis se imparten no centro?**

**J.L.-** Que sexan responsabilidade da escola temos o ensino básico inicial, que sería o nivel un e dous, logo tamén temos a educación secundaria para adultos e o castelán e galego para emigrantes. Aparte temos as titorías de bacharelato cos alumnos do San Clemente de Santiago.

**G A que niveis ensinades?**

**M.-** Impartín no primeiro cuadrimestre 3º da ESA e agora estou con 4º e tamén o segundo nivel de galego e castelán para estranxeiros. Tamén dou no módulo terapéutico unha hora de titoría da ESA.

**J.L.-** Imparto 3º e 4º, 3º no primeiro cuadrimestre e 4º no segundo e logo no módulo terapéutico teño dúas horas de titorías da ESO que resultan totalmente insuficientes pero iso é unha cuestión aparte. Ademais teño as titorías do bacharelato que non pertencen ao centro, realmente son alumnos do IES San Clemente de Santiago que están a facer o bacharelato a distancia e dependen dese instituto.

**G Os homes e as mulleres están xuntos ou separados nas clases?**

**M.-** Están xuntos, pero o número de mulleres é moi inferior por un motivo e é que no cárcere de Teixeira hai 14 módulos, son como 14 edificios independentes, e só dous son de mulleres. Un é de nais ás que se lles permiten ter alí os fillos ata os tres anos e rara vez veñen á escola, si piden material para poder seguir estudando pero non teñen tempo porque llo dedican aos seu fillos. Por iso nas clases hai máis homes que mulleres pero as poucas que veñen están tamén cos homes.

**G Que procedencia ten o voso alumnado?**

**M.-** En castelán para estranxeiros hai moitísima xente de cultura árabe e tamén hai moita xente do resto de Europa e suramericanos.

**J.L.-** De todos os sitios.

**G Ensinades nas celas ou nunha aula?**

**J.L.-** Os que veñen á escola teñen clase nunha aula. Cando imos ao módulo terapéutico tamén ensinamos nunha aula. O director da escola é o que vai atender aos primeiros graos porque non os deixan saír do módulo e mesmo atende a algún que están, como lle chaman eles, no *búnker*, que é o módulo de illamento e ás veces aténdeos a través dunha fiestra.

**G É difícil darlle clase a este alumnado?**

**M.-** Difícil non. É moi diferente por moitas razóns: as características da contorna son totalmente diferentes ás vosas, como podedes entender; as cabezas teñen moitas outras cousas nas que pensar; o nivel de recepción do alumnado varía dun día para o outro, uns días están máis receptivos e outros menos. É moi distinto, non ao mellor máis difícil, pero si moi diferente.

**G Facedes os exames moi difíciles?**

**M.-** Juan Luis si, eu non.

**J.L.-** Pensamos que bastante complicada teñen xa a vida. Evidentemente hai que pedir un mínimo pero non lles poñemos os exames moi difíciles porque tampouco se trata de complicarlles mais a vida porque estar alí dentro ten que ser duro. Nosoutros, ás veces, temos problemas para entrar pero para saír normalmente non nos poñen problemas. En cambio para eles ten que ser moi duro e intentamos axudalos. Como vedes son persoas coma nós.

**G Realizades algunha outra actividade cos presos distinta á académica? Cal?**

**M.-** Si. Pouco a pouco. Cada paso que se dá aquí é un mundo, hai que pedir moitos permisos, hai que falar con Madrid a través da xunta de tratamento, e todo vai moi lento. Pero si intentamos facer cousiñas, a semana pasada fixemos unha obra de teatro, agora estamos con estas saídas. Ímos tentando facer cousas e o ideal sería que puideramos facer moitas máis.

**J.L.-** Gustaríame felicitar a Marián, que foi unha das que levou a obra de teatro e a verdade é que quedou moi, moi ben. Ver a xente que non é de aquí falando en galego foi un traballo que fixo o departamento de comunicación, ao que pertence Marián, digno de ver. E non soamente iso senón que todo o público tivo un comportamento exemplar porque se gravou a obra de teatro dende a parte de atrás do salón de actos da prisión co micrófono da cámara e na gravación escoitase perfectamente a obra. Iso quere dicir que, se había uns 200 internos que estaban vendo a obra, que dura uns 35 minutos e se pode escoitar perfectamente é sinal de que lles gustou.



Juan Luis, Miguel, José Ramón e Marián nun momento da charla ao alumnado do centro

**G Notades se o trato do alumnado é diferente se es profesor ou profesora?**

**M.-** Non sei como tratan aos profesores, só o que vexo nos corredores. Penso que non. Quizais si no caso das aulas de galego e castelán para inmigrantes ou para estranxeiros porque hai moitos rapaces de cultura árabe con todo o que iso conleva. Tendo en conta o papel da muller na súa cultura pois si fan diferenzas bastante significativas contra as que tamén

intentamos loitar porque hai que facerlles entender que, aínda que estean no cárcere, viven na nosa cultura e na nosa cultura as mulleres, se non podemos facer as mesmas cousas que os homes, polo menos podemos facer outras igual ou mellor ou peor pero iso si que é bastante diferente para eles. Os demais non, o “produto nacional bruto” penso que non fai distincións. Outras culturas penso que non que o trato é moi parecido.

**J.L.-** Prefiren que lles dean clases as mulleres e non os homes, a razón é clara (habería que preguntarlles a eles, di Marián). Si, di Miguel.

**G Atopades diferenzas entre este traballo e o anterior fóra do cárcere?**

**M.-** Si moitísimas. E que para min é unha diferenza como vender zapatos e vender peixe, é dicir vendes nos dous sitios, es docente nos institutos e es docente no cárcere, pero non ten nada que ver, absolutamente nada que ver, polo menos na miña experiencia.

**J.L.-** É un mundo aparte, pero moi gratificante.

**G Que é o máis satisfactorio do voso traballo?**

**M.-** Satisfaccións témolas todos os días, un gran de area cada día. Hai realmente comportamentos moi sorprendentes que logo falamos entre nós. Ao ser pouquiños no claustro conversamos moito sobre todo o que nos vai pasando e vemos que hai xente que responde moi ben desde que empezou en setembro ata como se vai desenvolvendo ata aquí. Hai xente que incluso se sorprende de aprender cousas novas ou que se vai abrindo a ti e entón pódelle axudar aínda que sexa dun xeito que non teña que ver coa asignatura. Sempre se avanza un pouco pero claro, como non teño referencias anteriores, non sei si iso debería ir máis rápido ou máis lento. Pero si é moi gratificante como docente, moitísimo. Cada día é un mundo. É un traballo que non é nada rutineiro en absoluto. Iso ten partes boas e partes malas. Ti chegas alí cunha idea do que vas a dar un día na clase e de repente saes da clase e dis “pero se fixen unha cousa totalmente diferente á que tiña que facer”, pero vaia, eu penso que estou aprendendo tamén moito.

**J.L.-** Ratifico o que di Marián e ademais o feito de que che recoñezan o teu traballo, porque non teñen pelos na lingua, é unha satisfacción. Ou simples detalles que tes con eles e ves cómo lles cambia a cara. Por exemplo, cando rematou a obra de teatro e fun xunto a unha alumna e díxenlle “parabéns, fixéchelo moi ben” e ves como lle cambia a cara.

**G E o máis difícil?**

**M.-** Cumprir a programación. Iso é practicamente imposible, pero é un mal menor polo menos para min.

**J.L.-** Si, para min tamén.

**G Tivestes algunha anécdota curiosa ou graciosa nas clases?**

**M.-** Todos os días hai anécdotas. Teño unha anécdota do primeiro día de curso cando cheguei a terceiro: eu cheguei co chip do instituto e vas moi “a cañón”, a aproveitar o tempo, a explicar o que vas a facer e o que teñen que facer eles, o que son as normas e, de repente, un alumno que estaba alí no fondo da clase cunha cara moi á defensiva díxome “ti para, que vas moi lanzada, vas moi apresa e aquí non temos présa para nada que non imos a ningún sitio”. Entón parei e dixen “pois ten razón porque este home non ten présa e eu estou facendo unha entrada xa “a cañón”.

**J.L.-** Sempre hai ratos nos que están tranquilos. Por exemplo, Miguel ten un compañeiro nixeriano e dicímoslle que fale galego, que en Galicia tes que falar galego. Logo hai cousas que che comentan que están un pouco fóra de lugar e tes que capear a cousa para respectar á persoa.

**G Pensades continuar neste destino?**

**M.-** No meu caso non depende exactamente de min. Non o sei, non sei qué será de min o próximo ano que vén.

**J.L.-** Eu de momento, laboralmente falando, teño cadea perpetua aquí. O ano que vén teño que estar e logo creo que seguirei un tempo.

**G Se estiverades na situación dos presos, estudariades?**

**M.-** Eu se me vexo na situación que contan algúns deles non sei nin sequera se me erguería da cama, non o sei. Eu recoñezolles moito mérito, moito mérito en vir tódolos días á escola, moito mérito en poñer boa cara cando ó mellor están moi amolados. Non sei o que faría eu, non o sei.

**J.L.-** Imaxino, polo que contan eles, que intentaría saír de onde estás e se a escola é realmente un sitio onde te atopas a gusto pois evidentemente si iría. Afortunadamente nós non nos atopamos nesa situación e non sei ben o que faría pero vivindo un pouco a experiencia que eles nos contan habería que facelo porque para eles é moi importante estudar, é saír do módulo e ocupar o tempo, a mañá, de outra maneira e non tirados alí no módulo. Hai que recoñecerlles o esforzo que fan en vir porque si vos podo dicir que no grupo no que está Miguel hai 20 alumnos e ultimamente adoitan vir 17. [Nunca tanta xente asistiu á clase desde que están eles, a xente escoita, ve que hai bo “rollo”, que se leva ben e apúntase, di Miguel].

## INTERNOS

### **Miguel e José Ramón (Kotxeli)**

**G De onde sodes?**

**M.-** Dun pobo chamado Uxes, do concello de Arteixo.

**J.R.-** Son de Baracaldo, Biscaia, pero levo desde os dous ou tres anos vivindo en Ferrol onde me criei.

**G Canto tempo levades no cárcere e canto tempo vos queda por cumprir?**

**M.-** Levo 26 meses e quédanme tres anos por cumprir.

**J.R.-** Desde 1998, saín tres meses no ano 2006, e sigo alí ata dentro de dous anos

**G Estadades arrependidos de cometer ese delito?**

**J.R.-** É evidente que si. Pola comisión destes delitos, por meterme no mundo da droga e non parar e seguir coa miña. Empezas con porritos, empezas con tonterías, sempre acabas con máis. Eu perdín dúas familias. Perdín a que busquei e perdín a materna, o meu pai e a miña nai, que empezaron a deixarme de lado, como é evidente, aínda que agora os estou recuperando. A outra non, teño unha filla da vosa idade á que non vexo desde que era un bebé, tiña un ano e un mes cando entrei en prisión e non a vin máis. Arrepíntome, por suposto que me arrepinto, estou no módulo terapéutico agora mesmo e estou intentando cambiar os meus costumes, por iso puiden poñerme a estudar porque cambiei de actitude na vida e o ben me custou. Moitos anos drogándome na rúa, facendo moitas loucuras e dez anos de prisión.

**G Por que decidistes asistir ás clases?**

**M.-** Para escapar do módulo. A vida alí... Somos moitos, estamos moi amontoados, entón empezas para saír de alí, para evadirte de aquilo e despois vas tirando e vaste atopando con xente como Marián e Juan Luis. E iso axúdache moito a seguir con outras miras. Pero o principal cando empezas, polo menos pola miña parte, é saír do módulo.



**J.R.-** Eu non empecei a estudar polos mesmos motivos que Miguel. Eu empecei a estudar porque quería evoluir e medrar como persoa, cousa difícil na miña situación. No módulo no que me atopo, na UTE (Unidade Terapéutica Educativa) van os profesores que vedes aquí a impartir clase. Suponse que é un réxime de internado. Dentro da prisión a xente que estamos nese módulo somos drogadicto. Un drogadicto nunca sabes se di a verdade ou está mentindo e ninguén confía nun drogadicto, e fai ben, fai ben non confiar nun drogadicto porque te vai enganar seguro, vaite manipular, vaite utilizar, máis tarde ou máis cedo. A medio prazo ou a longo prazo vaino facer. Eu fíxeno moito tempo e vino demasiado fácil. No meu módulo son obrigatorias as clases para os que non teñen determinados estudos, ata 3º de ESO están pedindo mínimo para non ter que estudar obrigatoriamente. Eu fixen 3º e 4º de ESO en tres meses, tiña a EXB antiga e non tiña porque facelo, fíxeno porque quixen. Metinme no proxecto de facer o bacharelato co I.E.S. San Clemente e a UNED sen saber que ía poder saír ás titorías, teño titorías nada máis, non teño clases presenciais coma vós e é moi complicado porque a miña base quedou, cos anos atrás, moi esquecida. Esfórzome moito pero non é o mesmo.

**G Que estades estudando e desde cando?**

**M.-** 4º de ESO e levo dous anos estudando.

**J.R.-** Eu estou estudando 1º de bacharelato e preparando o aceso á universidade a distancia e aínda non levo un ano estudando.

**G Gústavos estudar?**

**M.-** Eu é que son un pouco maior xa. Fágoo porque me axuda no día a día, pero non estou nestes momentos para iso, teño cousas máis importantes nas que pensar neste momento. Estudar tedes que estudar vós que estades na hora. Para vós si que sería importante, para min tamén o é pero moito menos que para vós pois xa non estou eu neses temas.

**J.R.-** A min si.

**G Resúltavos difícil estudar?**

**M.-** Estudar e asistir ás clases. Alí é un sistema que non é como o voso. Estás preso e tes moitas máis cousas nas que pensar que no estudo. Vas alí, cumpres co que tes que cumprir, respectas as clases, respectas aos profesores, pos da túa parte todo o que podes e os profesores axúdannos moito, pero despois traballo para o módulo non, no módulo teño outros traballos que facer e outras cousas nas que pensar.

**J.R.-** Agora contesto eu desde a outra cara da prisión. A min cústame estudar por varios motivos. Non porque non me guste ou non me esforce, que o fago. Pero, primeiro, atópome cun tratamento que é o Interferón que é para curar a hepatitis C, unha das enfermidades que carrega a droga, é unha enfermidade hepática [o alcohol, que é unha droga que se vende en locais públicos, tamén carrega esa enfermidade, di Miguel]. Cústame moito concentrarme, é un tratamento de choque moi forte, para que vos fagades unha idea é un estilo da quimioterapia, e entón cústame moito concentrarme e teño que investir demasiadas horas. Para o que saco igual invisto demasiadas horas, pero gústame e cando aprobo unha asignatura a nivel de 1º de bacharelato que nunca estudei na miña vida, síntome moi satisfeito. Pero claro, no módulo teño outras actividades, teño algo máis importante que os estudos. Que os estudos son importantes, si, pero coa miña idade e a miña traxectoria non tanto como curarme do que realmente me levou á prisión por iso teño actividades que non podo eludir e que tampouco quero eludir.

**G Que é o mellor de ser estudante?**

**M.-** Alí dentro relaciónaste con xente de todo tipo, de todas as nacionalidades, relaciónaste con outros módulos. É outra forma de evadirte tamén do que estás no día a día, sempre estás coa mesma xente, e na escola atópaste con cantidade de xente que ten outras culturas e outras linguas. O mellor é iso, atoparse con estes fenómenos, os profesores que temos, que son os que nos trouxeron aquí.



**J.R.-** Para min os días que me dan as notas e as poden mandar á miña casa é o mellor.

**M.-** Eu as miñas mandeillas ao meu afillado que suspendeu 7 a ver se lle chocaba un pouco.



Carlos Garrote, Miguel, Noelia Quiza, Juan Luis, Marián, José Ramón, Juan Carlos Hernández, Fernando Regidor  
Noel Yáñez, Irune Irusta, Manuel Pajón e Vanesa Muiño

**G E o peor?**

**M.-** Non sei qué dicirche, os exames.

**J.R.-** Para min non ten nada malo.

**G Tedes moitos deberes?**

**M.-** Desde que saio de alí non. Vou á clase, asisto, comparto, pero desde que vou para o módulo teño outro destino, outras cousas que facer, tes que limpar, pensar, escribir... Penso que os deberes non deberían existir, nin para min nin para vós, asistindo ás clases e aproveitándoas penso que debería bastar.

**J.R.-** Eu non teño deberes pero téñome que impartir o meu propio réxime de estudos. Vós tedes algo moi bo, moi positivo, que é que os profesores vos avalían polo que vos poden dar, aínda que teñan un temario que darvos, vanvos dar pautas e vanvos dicir o máis importante e éntravos só ata onde vos dean. En cambio a min si, *tochos* e exames. Non hai máis, acábase a información, só teño a guía dos profesores que tedes aquí que se non é por eles...

**G Cal é a materia que máis vos gusta?**

**M.-** Matemáticas, sen ningunha dúbida. Ata onde chego, non sei de aí para adiante, pero os números sempre se me deron ben.

**J.R.-** A min Filosofía.

**G E a que menos?**

**M.-** Sociais. O outro día fomos á charla a Curtis e ao día seguinte pola mañá, segundo entro pola porta, aparéceme o mestre se sociais cun exame e xa me fastidiou o día, viña encantado e xa me veu fastidiar o día. Mi madriña que malo me puxo!

**J.R.-** Historia do mundo contemporáneo. O mundo contemporáneo comeza co Antigo Réxime e para min non é. Hai demasiado temario.

- G Utilizades libros, cadernos, ordenadores nas clases?**  
**M.-** Non, cadernos e apuntes.  
**J.R.-** Eu vou 45 minutos a aclarar todas as dúbidas que teño e fóra.
- G Son moi estritos os profesores con vosoutros?**  
**M.-** Non, ao contrario, se por eles non fora íamos mal, malamente. Non poden. Non poden non, non deben. Poder poden facer o que queiran, non deben, para a miña maneira de ver, ser estritos porque xa é estrito o réxime que temos alí e se te vas a evadir do módulo e vas a chegar alí e... Entón poucos asistirían.
- G Asistides sempre ás clases ou algunha vez poñedes desculpas para non ir?**  
**M.-** Nunca, aínda que me doía a cabeza e me estea caendo veña para a clase.  
**J.R.-** Non teño que poñer desculpas para non ir. Se non teño preguntas que facer non vou, así e todo vou case que tódolos días, por non dicir todos.
- G Pensades seguir estudando?**  
**M.-** Non, así que remate 4º, paro. Non é a hora. Se estivera noutra situación ao mellor si o tivese feito, si tivese seguido. Pero a miña situación é un tanto difícil, non teño pai, non teño nai, senón non me importaría facer algo.  
**J.R.-** Si. Estou preparando o acceso para Psicoloxía. Penso estudar esa carreira. Sería un pouco iluso pola miña parte pensar que alguén me vaia contratar como psicólogo pero vaimos servir para preparar oposicións. Ao ter un pasado como o que teño ó meu lombo, é complicado librarse dese sambenito. En calquera traballo un pouco relevante vanche mirar os informes e vanche dicir iso de “xa te chamo, dáme o número” co cal non te chaman nunca.
- G Dentro da escola, facedes algunha outra actividade ademais de estudar?**  
**M.-** Non nos ves aquí? Sácannos a airearnos, algunhas veces pónennos unha película.  
**J.R.-** Os rapaces da ESO fixeron unha obra de teatro hai pouco. Hai máis actividades. Están niso, están loitando por iso pero é complicado. Eu non a vin porque estiven no hospital ese día.
- G Tivestes algunha anécdota curiosa ou graciosa durante as clases?**  
**M.-** Anécdotas alí hai moitas. Por exemplo, a obra de teatro está feita en galego colombiano e tiña que ser bastante gracioso polo menos.
- G E cando non estades na escola, que facedes?**  
**M.-** Cando non estou na escola, módulo. Se hai algún curso por aí apúntome. Pronto empezarei un na rúa, non sei se o luns, de envasado o baleiro. Fixen de un albanelaría, un de informática, todo o que podo.  
**J.R.-** Teño varias actividades. De informática, nesa actividade estou de coencargado e axudo aos rapaces de alí. Hai un ano sabía apagalo dándolle ao botón e pouco máis. Levo tamén, como traballo extra, a biblioteca do meu módulo. A parte da biblioteca interior levo a exterior, a do centro penitenciario, pedidos, devolucións... Curreime unha obra de teatro da miña propia colleita para 18 persoas, fixémosla. Tamén temos actividade de deporte, actividade de taller, de lectura onde creei con outros compañeiros unha revista do noso módulo, aprendín a maquetar... É moito para min pero ó final estouno facendo.
- G Tedes moita relación co resto dos compañeiros?**  
**M.-** A xusta. Cos que merecen a pena pois si e cos que non, están alí, son compañeiros.  
**J.R.-** Hoxe en día si. Temos grupos de autoaxuda e levamos outro tipo de relación. Hai confianza, déixannos as celas abertas, nós controlamos e levamos o módulo, non fai falla que estean os funcionarios vixiando que non haxa pelexas. Nós poñemos orde, encargámonos de que estea todo impecable, todo limpo, de que haxa respecto, de que ninguén lle falte a ninguén, de que ninguén critique a ninguén. É outro réxime de vida á que non estou nada acostumado, pero estou aí.

**G Aparte da saída de hoxe ao noso centro, visitastes algún outro sitio?**

**J.R.-** Ao instituto Francisco Aguiar de Betanzos.

**M.-** A primeira vez que saín foi o outro día pero pronto empezarei a saír. Déronme o artigo 100, un terceiro grao camuflado, que che dan saídas a facer cursos fóra e así xa empezas a ver a luz do túnel.

**G Que lle diríades aos vossos compañeiros para que se animaran a asistir ás clases?**

**M.-** Que o pasamos moi ben.

**J.R.-** E aparte diso, que serve.

**G Credes que os estudos seranvos útiles fóra do cárcere?**

**M.-** Si, si, vaia, para o pouco que hai. Supoño que si, xa estou medio perdido, xa non sei fóra o que me encontrarei. Todo o que suma nesta vida para min é útil e iso non resta iso suma e entón ten utilidade.

**J.R.-** Xa nos están sendo útiles dentro. Como vedes estades nunha sociedade supercompetitiva, cada vez as cousas están máis difíciles mesmo para a xente que nunca entrou na prisión que o está a pasar moi mal na rúa, estalle custando moito atopar traballo, e un traballo ben pagado moito máis. Pois claro que me ten que servir. O meu obxectivo cos estudos é preparar oposicións porque van ser os únicos postos de traballo nos que non me poidan dicir que non polo meu pasado. Ás que poden acceder. Como é lóxico a funcionario de prisións non me vou a poder presentar

**G Desde a vosa experiencia ... Que lle diríades aos nenos que están agora no instituto?**

**M.-** Que pensen, que recapaciten, que co tema das drogas e esas cousas non se vai a ningún lado que teña moita saída. Eu non son quen para mandar estudar a ninguén, xa me custa a min. Que estuden, polo menos que sexan boas persoas e estean a gusto cun mesmo.

**J.R.-** Diríavos a todos vosoutros que fosedes competitivos no tema dos estudos. Hai que ser competitivos e moito porque igual que nun partido de fútbol ou calquera outra cousa, ou na consola on-line sodes competitivos, e pensades que queredes gañar o partido ou pasar de nivel na consola e realmente só pasades o tempo e, que gañas? ó final non gañas nada. E cos estudos o que gañas é asegurarte un futuro, e iso é un premio importante e para toda a vida.



As profesoras Beatriz Fernández, Beatriz Otero e Puri Trinquete co alumnado de 4º da ESO moi atentos ás explicacións que os integrantes do *Proxecto Anoca* lles estaban contando

Carlos Garrote	Manuel Pajón
Juan Carlos Hernández	Noelia Quiza
Irune Irusta	Fernando Regidor
Vanesa Muíño	Noel Yáñez

# III CICLO DE CINE EN VERSIÓN ORIGINAL IES CABO ORTEGAL

Novembro 2008 - Abril 2009

Continuamos este curso coa iniciativa emprendida no ano 2007, o ciclo de cine en versión orixinal, organizado esta vez polos departamentos didácticos de Inglés, Francés, Lingua Castelá e Lingua Galega.

Novamente pasamos a enquisa entre todo o alumnado da ESO e Bacharelato do centro e adquirimos aqueles títulos máis demandados e os proxectamos no noso “cine” particular.

Neses días a Aula de Usos Múltiples transformouse nun auténtico cine con pantalla xigante e ata flocos de millo. Os títulos escollidos foron: *Pradolongo*, *El Cartero* y *Pablo Neruda*, *Monsieur Batignole*, *High School Musical 2*, *Underworld: Rise of the Lycans*.



*Batignole*, *High School Musical 2*, *Underworld: Rise of the Lycans*.

Profesorado dos Departamentos de  
Inglés: Beatriz Fernández, Belén Alvelo e Maite Vázquez  
Castelá: Raquel Paz  
Galego: Amelia Sánchez  
Francés: Ana Fuentes



# A RONDALLA



Noelia Quiza cos entrevistados Montse Castro, Modesto Novo, Montse Caneiro e Marisa Novo

## PRESIDENTE: MODESTO NOVO

**G Canto tempo leva en funcionamento a Rondalla?** Desde 1995.

**G Desde cando estás na Rondalla?** Desde o 2000.

**G Desde cando es o presidente da Rondalla?** Desde hai dous anos.

**G Cal é o teu traballo como Presidente?** Ter á xente contenta.

**G É difícil o teu cargo?** Bueno, todo e difícil nesta vida.

**G Qué é o mellor do teu cargo?** O mellor do meu cargo e cando todo sae ben.

**G E o peor?** Cando chove.

**G Dende o teu cargo, qué lle falta á Rondalla para mellorar?** A xente, podía haber máis homes.

**G Tocas algún instrumento ou só es unha voz masculina?** Son unha voz.

**G Recordas a túa primeira actuación ante o público?** Foi no Rosalía de Castro na Coruña.

**G Algunha anécdota curiosa que vos pasara nunha actuación?** Si, unha vez na que un compoñente tropezou e rompeu os fociños.

**G Qué lle dirías aos nenos e nenas para que quixeran ser da Rondalla?** Que se aplicaran e que deixaran de andar tocando o paxe por un lado e por outro e viñeran á Rondalla.

## DIRECTORA: MARISA NOVO

**G Desde cando estás na Rondalla?** Desde o ano 1995.

**G Desde cando es a Directora?** Desde o mesmo ano.

**G É difícil o teu cargo?** Depende. Ás veces tes algunha obra que se te resiste, entón si.

**G Qué é o mellor e o peor do teu cargo?** O mellor é cando vamos a saír para actuar que a xente está moi ilusionada e transmite esa ilusión de uns para outros. E o peor pois cando tes algo que ensaiar ao mellor urxente e non contas coa xente xa que non ven a ensaiar a metade do grupo.

**G De cantas cancións consta o repertorio da Rondalla?** Dunhas 62.

**G Cantos instrumentos se tocan na Rondalla?** Tócanse guitarras, laúdes, bandurrias, conchas e pandeiro.

**G Con cantos membros conta a Rondalla?** Con 42.

**G Dende o teu cargo, qué lle falta á Rondalla para mellorar?** O compromiso da xente de vir ensaiar os dous días que temos na semana.

**G Recordas a túa primeira actuación como directora da Rondalla?** Si, recordo. Levabamos soamente catro temas. Non sabiamos máis, como pedisen outra non teríamos con que responder.

**G De que actuación saíches máis satisfeita?** Desa primeira saín moi contenta.

**G E da que menos?** Poucos días despois, aos tres meses máis ou menos, que saímos cos instrumentos medio desafinados e saín retorta.

**G Só es a directora ou tamén tocas algún instrumento?** Cal? Toco o instrumento da guitarra.

**G Algunha anécdota curiosa que vos pasara nunha actuación?** Pois unha en Malpica. Actuabamos na praza do concello e facía tanto frío que de cada canción tiñamos que afinar.

**G Qué lle dirías aos nenos e nenas para que quixeran ser da Rondalla?** Iso non se lle pode obrigar a ninguén. Podes transmitirle a túa ilusión pola música e si aos rapaces lles gusta pois que veñan porque senón non teñen nada que facer.



O grupo infantil da Rondalla durante a súa actuación no XIV Festival da Canción Vocacional celebrado en Mondoñedo 25 de abril de 2009 no que obtiveron o 1º premio coa canción *Somos os chamados ao amor* composta por M<sup>a</sup> Luisa Novo

### **SECRETARIA: MONTSE CASTRO**

**G Desde cando estás na Rondalla?** Desde o ano 2005

**G Dende cando es a secretaria da Rondalla?** Desde xaneiro deste ano (2009)

**G Cal é o funcionamento do teu traballo?** Pois arranxar a documentación e algunha cousa máis

**G É moi complicado o teu cargo?** Non. É unha responsabilidade pero lévase ben

- G** **Cómo vos subvencionades?** Pois con axudas do Concello, da Deputación e da Xunta
- G** **Dende o teu cargo, qué lle falta á Rondalla para mellorar?** Xente que queira participar
- G** **Tocas algún instrumento?** O laúd
- G** **Recordas a túa primeira actuación ante o público?** Si. Estaba moi nerviosa
- G** **E a actuación na que máis disfrutaches?** En carnavais
- G** **E na que menos?** En ningunha
- G** **Algunha anécdota curiosa que vos pasara nunha actuación?** Si, que Marisa falou en galego cos de Sevilla cando fomos aló
- G** **Qué lle dirías aos nenos e nenas para que quixeran ser da Rondalla?** que se animaran que se pasa moi ben e se fan moitos amigos



O grupo xuvenil da Rondalla durante a súa actuación no XIV Festival da Canción Vocacional celebrado en Mondoñedo 25 de abril de 2009 no que obtiveron o 1º premio

### **O MEMBRO MÁIS NOVO: MONTSE CANEIRO**

- G** **Canto tempo levas na Rondalla?** Uns 6 meses
- G** **Qué fas?** Canto
- G** **Por que te apuntaches?** Porque me gusta á música e cantar
- G** **Que é o que máis te gusta de estar na Rondalla?** Estar coas miñas compañeiras, pasar un rato
- G** **E o que menos?** A veces, cando non facemos moito caso á profesora
- G** **Recordas a túa primeira actuación ante o público?** Foi o día de carnaval no centro de maiores
- G** **Algunha anécdota curiosa que vos pasara nunha actuación?** Pois de momento non tiven ningunha
- G** **E a actuación na que máis disfrutaches?** Na primeira
- G** **E na que menos?** A verdade é que disfruto en todas
- G** **Qué lle dirías aos nenos e nenas para que quixeran ser da Rondalla?** Diríalles que lles ten que gustar moito a música e que teñen que disfrutar co que fan. Entón que se animen e que veñan a cantar con nós que o pasamos moi ben

# EXPOSICIÓN




Vista xeral da Biblioteca e algúns dos carteis sobre *El Quijote* que se puideron ver na exposición conmemorativa do Día do Libro que montou o departamento de Lingua Castelá coa colaboración dos departamentos de idiomas do instituto (arriba e esquerda).

O departamento de Normalización Lingüística organizou a exposición conmemorativa do Día da Muller Traballadora na que se puideron ver carteis de mulleres representativas de cada materia: Ada Lovelace, Adela Cortina Orts, Alejandra Vallejo Nájera, Alice Tepper Marlin, Ana María Matute, Anna Freud, Artemisia Ghentilesci, Beula Henry, Camille Claudel, Chus Lago, Clara Schumann, Coco Chanel, Edna Paisano, Emily Elizabeth Dickinson, Exeria, Frances Elizabeth Allen, Frida Kahlo, Gro Harlem Brundtland, Hildegart

Rodríguez Carballeira, Hipatía, Inma Shara, La Bella Otero, Lili Álvarez, Lynn Margulis, Lise Meitner, Madre Teresa de Calcuta, Margarita Salas, María Zambrano, Mary Anderson, Rosalía de Castro, Rosalind Franklin, e Safo (abaixo).









O alumnado de 2º A e 4º B da ESO (arriba) intentando resolver o cuestionario que se lles deu buscando as respostas nos carteis da exposición que, con motivo da celebración do Día de San Valentín, se elabora-ron no centro. Outros carteis e manualidades que se viron na exposición organizada polos departamentos de idiomas (esquerda, arriba e dereita)

Dous carteis sobre habilidades emprendedoras (abaixo)





Gran cartel e dous debuxos elaborados polo alumnado despois do temporal que sufrimos no mes de xaneiro deste ano (arriba)

Vistas parcial da exposición que con motivo do Día das Letras Galegas se fixo no instituto (abaixo) e algúns dos retratos dos homenaxeados neste día que pintou o alumnado do instituto (esquerda)





Aquí podemos ver os carteis da exposición que co título “Musicalízate” fixo o alumnado de 4º de ESO e 1º de BAC baixo a supervisión do departamento de Lingua Galega (arriba)

As obras que para o concurso da Once elaboraron algúns dos alumnos e alumnas do centro (abaixo)



Tamén houbo exposicións doutros traballos como vemos nestas fotos nas que se amosan os monecos ou os cadernos de escritura que o alumnado do primeiro ciclo da ESO elaborou coa inestimable axuda das súas profesoras de Educación Plástica Consuelo Benito e de Lingua Castelá Raquel Paz.



Unha mostra dos monecos que realizou o alumnado (arriba); e Anaís Fernández, Irune Irusta, Lucía Yáñez, Raquel Paz, Sara Docanto, Sara Crespo, Alicia Orizales, Gloria Castro e Pablo (de pé), Bárbara Pardo e Nuria Conde (diante agachadas) con algunhas dos cadernos que confeccionaron



# EX ALUMNOS E ALUMNAS

## RUTH ABELLA

ANIMADORA SOCIOCULTURAL DO CONCELLO



Ruth Abella e Juan Carlos Hernández nun momento da entrevista

- G Qué estudos fixeches?** Integración Social e Educación social.
- G Resultouche moi difícil?** Non, non foi difícil. Aparte se estudas algo que che gusta sempre resulta moito máis fácil.
- G Cántas clases tiñas ao día?** Pois depende, por exemplo en Educación Social, que é unha diplomatura, había días que tiña 5 horas, outro día que tiña 3 ou 4, depende do día. E logo no ciclo si que tiña máis horas, 5 ou 6.
- G Tiñas práctica ou só teoría?** Práctica, tanto no ciclo como na carreira. No ciclo foron 6 meses de práctica e na carreira foron, no segundo ano tres meses e no terceiro ano outros 3 meses.
- G Qué era o máis difícil que tiñas que facer cando estabas estudando?** O máis difícil era a estatística.
- G E o que máis che gustaba?** Eran as materias que estaban relacionadas co tema da cultura, co tempo libre, que eran máis dinámicas. O que era máis teoría, historia, eran un pouco máis pesado.
- G Pensas seguir estudando?** Si, por exemplo nos cursos que fai a deputación para os traballadores que están nos concellos.
- G Estás traballando en algo relacionado cos teus estudos?** Si, o que estudei está totalmente relacionado co que estou facendo.

- G En que consiste o teu traballo?** O meu traballo, basicamente consiste en organizar e desenvolver todas as actividades relacionadas co tema da cultura, o ocio, o tempo libre tanto para nenos, por exemplo, agora temos na biblioteca o contacontos pola tarde e o ciclo de cine infantil, e logo para a xente maior tamén facemos algunha actividade.
- G Estás contenta coas instalacións?** Si, a verdade é que si, tanto no concello como na biblioteca, aínda que a biblioteca ás veces quédase un pouco pequena, pero si.
- G Que é o mellor do teu traballo?** Pois o mellor do meu traballo é cando ti te esforzas por facer unha actividade e logo iso se ve reflexado na cara da xente, en plan que a xente saia con cara de satisfacción e que se sinta a gusto, contenta co que ti fas.
- G E o peor?** O peor é cando non saen ben as cousas, cando programas algo e ó final nin se parece ao todo o que tiñas prefixado.
- G Qué fas no teu tempo libre?** Saír, facer, deporte, ler, ver a televisión.
- G Que lle dirías os alumnos do IES que teñen que ir pensando no que van a facer?** Pois que estuden ou que fagan o que realmente lles gusta, ou sexa, que por moito que lles digan estuda isto, si a ti che gusta fai o que realmente che gusta.

<b>Juan Carlos Hernández</b> <b>Vanesa Muiño</b> <b>Manuel Pajón</b>	<b>Fernando Regidor</b> <b>Noel Yáñez</b>
--	--

## ANA YAÑEZ

### CONCERTISTA DE GUITARRA CLÁSICA

- G Cando comezaches a estudar música?** Cando tiña 6 anos empecei a tocar a guitarra en Cariño e metinme no conservatorio cando tiña 9 anos.
- G Cando decidiches dedicarte á música?** Pouco a pouco. A medida que ía avanzando os cursos no conservatorio, despois duns anos e ver que me gustaba pois, pouco a pouco, non foi un momento concreto.
- G Como foron os teus inicios musicais en Cariño?** Empecei aos 6 anos coa guitarra, dábame clase a miña madriña Marisa que dirixe a Rondalla de Cariño, metinme e tocabamos villancicos e tamén en festivais como o das Letras Galegas.
- G Tivestes algún apoio especial cando decidiches dedicarte á música?** Pois si. Na miña casa o meu pai toca a guitarra, a miña irmá tamén tocaba a guitarra e, como xa vos dixen a miña madriña era a que ensinaba guitarra entonces prestouse máis a que me apetécer.
- G Cal foi o primeiro instrumento que tocaches?** A guitarra.
- G Tocaches algún outro instrumento?** Si. No conservatorio tes que facer piano complementario durante catro anos, pero cousas facilitas, como una iniciación. Tamén toquei a bandurria na rondalla.
- G Por que te decidiches pola guitarra e non por calquera outro instrumento?** En Cariño hai moita tradición de tocar a guitarra, en outros sitios hai bandas ou outras cousas, pero aquí hai rondalla e todo o mundo tocaba la guitarra, na miña casa o meu pai tocaba a guitarra e a miña irmá tamén, e gustoume e seguí por aí.



Noelia Quiza, Ana Yáñez, Manuel Pajón e Fernando Regidor

**G Custouche moito aprender a tocar a guitarra?** Pois si, é moi traballoso, custa moito. Hai que ter tempo, paciencia e gañas e ser moi constante.

**G Como te sentes ao tocar a guitarra?** É unha cousa que me gusta moito e aínda que si é verdade que tamén costa moito traballo pois é moi satisfactorio porque me gusta moito tocar e o paso moi ben cando o fago.

**G Se non tocaras a guitarra, que instrumento escollerías** Pois non o sei porque a guitarra gústame moito pero posiblemente o violonchelo. Tamén me gustaría tocar a gaita.

**G Tamén cantas?** Pois non. Cando empecei na rondalla cantaba panxoliñas pero agora non, non canto.

**G Onde cursaches os teus estudos musicais?** Comecei en Cariño e despois continuei no conservatorio de Viveiro e despois xa me trasladei a Coruña, a o conservatorio superior de Coruña, onde rematei.

**G Que sentiches cando che deron a beca para continuar os teus estudos?** Unha gran satisfacción porque sempre que che dan unha recompensa sempre se agradece.

**G Como foi a túa experiencia en Barcelona?** Moi boa, aínda que estiven estudando dous anos e non vivía alí, facía viaxes, ía e volvía cada 15 días mais ou menos, pero ben porque non a coñecía e tampouco nunca viaxara e avión, que é unha experiencia nova tamén, aínda que non me gusta nada porque dáme moito medo, pero moi ben porque o profesor que tiña alí era moi bo e aprendín moitas cousas.

**G Fuches soa ou te acompañou algún familiar ou amigo?** Fun con Mónica Pita, que tamén estuda guitarra e tamén fixo este postgrao comigo en Barcelona. Viaxabamos xuntas e o pasabamos mellor así. Ademais tamén se aprende doutra maneira, eu vía as súas clases e ela as miñas e se aprende mais.

**G Tivestes dificultade co idioma?** Non porque aínda que se fala bastante catalán a min falábame todo o mundo en castelá e non tiven ningún problema.

**G Participaches nalgún concurso?** Si, foi hai dous anos a finais do 2007. A Consellería de Educación e Caixa Nova convocaron os “*Primeiros premios de interpretación musical*” nos que podían participar alumnos e alumnas galegos que tivesen no concerto final de carreira unha nota de sobresaínte ou matrícula de honra. Os participantes eramos de todos os instrumentos, o mesmo ía unha trompeta que un piano, e había primeiro, segundo e terceiro premios e dous cuartos. A

min me deron o terceiro que consistía en 3.000 euros e tres concertos compartidos co segundo premio.

- G Cantas horas dedicas diariamente ó estudo do teu instrumento?** Pois depende moito do que teña que facer. Se estou traballando adáptome ao horario que teña, pero ao mellor en etapas nas que tiña que preparar algo, algún concerto, hasta 6 horas diarias.
- G Que tipo de música tocas?** Música para guitarra clásica pero, sobre todo, contemporánea do século XX e XXI.
- G Formas parte de algún grupo de cámara, orquestra... ou tocas soa?** Normalmente toco soa pero con Mónica Pita teño un dúo de música clásica.
- G Cantos concertos deches e onde foron?** Non demasiados, uns tres ou catro nestes últimos tempos. En Cariño tocaba cada ano, en fin de curso. Últimamente toquei no conservatorio de Santiago en decembro e en marzo toquei en Lugo nun conservatorio privado dun amigo que se chama Fingoi. Eses foron os dous últimos que fixen.
- G Que tal levas o tema do medo escénico?** Bueno, mellor quizá agora. É unha cousa que nunca se quita de todo e sempre é bo ter algo de nervios ao subirse a un escenario porque creo que te fai estar mais activo e mais pendente de todo. Lévoo ben, mellor agora, gañas confianza e vas gañando seguridade e o medo escénico o vas superando, lévalo ben.
- G Que é o mellor e o peor dos concertos?** O peor é a responsabilidade de que a xente te veña a ver e que queden contentos, que lles guste o que tocas. O mellor é cando estás tocando e estas disfrutando e te está saíndo ben e cando rematas que á xente lle guste.
- G Tes algunha anécdota que che acontecera durante un concerto?** Si. Cando rematei o superior fixen o concerto de final de carreira en Coruña en setembro e en outubro tiven que volver a tocar en Coruña e tiña rota a uña do anular, sabedes que os guitarristas temos a man dereita coas uñas largas (para tocar) e a esquerda cortas (para pulsar e que non molesten), entón estaba desconcentrada pensando seguido en iso e quedeime en branco e se me esqueceu a obra. Ao final rematei como puiden pero desconcentreime por una uña rota.
- G Pensas en dedicarte ó ensino da música ou prefires dar só concertos?** Ode dar só concertos é moi bonito pero non é realista porque realmente non se pode vivir só de dar concertos. Por outra parte dar clases de guitarra me gusta moito entón a combinación das dúas cousas está ben.
- G Cres que hoxe en día un músico pode vivir dando concertos ou tería que dedicarse a algo máis para “gañar o pan”?** Creo que si que tería que dedicarse a algo mais. Hai dous ou tres guitarristas moi bos no mundo que dan concertos e poderían vivir diso pero aínda así os concertistas que dan concertos frecuentemente ao longo do ano tamén teñen normalmente un sitio onde dan clase ou o compaxinan con cursos en festivais de guitarra.
